



Putin en Asia Central

Description



Incluír nesta estratéxica alianza a dous antigos peóns occidentais como Turkmenistán e Kazajistán, constitúe para Putin un éxito de gran envergadura. O seu principal logro radica en que agora Rusia pode beneficiarse dunha rede directa de acceso e distribución de gas natural e petróleo do Mar Caspio, cando anteriormente Moscova observaba como unha serie de redes de distribución occidentais pasaban ante as súas fronteiras. (Na foto, de esquerda a dereita, Nursultán Nazarbayev, Vladímir Putin e Gurbanguly Berdymukhammedov en Turmenbashi o 12 de maio de 2007).

O acordo enerxético entre Rusia, Turkmenistán e Kazajistán, na que a estatal petroleira rusa Gazprom consolídase como o principal beneficiario na explotación e distribución do gas turkmeno do Mar Caspio, confirma a estratexia do presidente ruso Vladímir Putin de recuperar a influencia no espazo euroasiático ex soviético, comunmente denominado «estraxeiro próximo».

A movida de Putin, realizada durante unha xira por varios países centroasiáticos, modifica substancialmente o complicado xadrez xeopolítico e enerxético tanto no Mar Caspio como en Asia Central. Este acordo denominado «Central Asia Center», CAC, involucra a tres grandes produtores de petróleo e gas natural a nivel global dentro dunha estratéxica planificación a longo prazo (aproximadamente ata o 2028), destinada a conter a presenza doutros actores en Asia Central.

Estes outros actores, EEUU, Europa e China, observan minuciosamente os alcances deste novo reparto de poder alcanzado na localidade turkmena de Turmenbashi e como este escenario afecta aos seus intereses.

As multinacionais petroleiras occidentais e China veñen deseñando unha serie de ambiciosos proxectos de investimentos e distribución de redes de oleodutos e gasodutos dende o Mar Caspio que agora vense rivalizados con esta estratéxica xogada no taboleiro de Putin e a consolidación de Gazprom como entidade estatal beneficiada.

Un eixe prorruso no Caspio?

Para EEUU e Europa, as principais apostas enerxéticas no Mar Caspio están incluídas no oleoduto Bakú-Tbilisi-Ceyhan, BTC, inaugurado formalmente no 2005, e no gasoduto Trans-Caspian Pipeline, TCP. Ambos proxectos inclúen a aliados rexionais estratéxicos como Acerbaixán, Xeorxia e Turquía e, no caso do TCP, a Kazajistán e Turkmenistán. Con este país, estes acordos se pactaran estando gobernada por Saparmurat Niyazov, falecido en decembro pasado.

O factor do gas turkmeno e kazako e os compromisos de explotación e distribución son esenciais para descifrar este pulso de poder rexional e cara onde se orienta o sucesor de Niyazov, Gurbanguly Berdymukhammedov, así como a estratexia de dúas bandas, cara Occidente e Rusia, deseñada polo presidente kazako, Nursultán Nazarbayev.

En abril pasado, Berdymukhammedov estivo en Moscova, afinando os detalles deste acordo CAC alcanzado o pasado 12 de maio. Este repentino xiro en Turkmenistán orientado cara Rusia inquieta aos gobernos e multinacionais

estadounidenses e europeos. Paralelamente, durante a reunión entre Putin e Nazarbayev en Astana, capital kazaka, o presidente ruso logrou que o seu homólogo aceptara incluírse no acordo con Turkmenistán.

A orientación quizais máis prorrusa de Turkmenistán e Kazaxistán semella posuír claros elementos de *œrealpolitik*, pero en Occidente observan este proceso con preocupación, principalmente porque fortalece a Rusia.

A semana pasada celebrouse en Varsovia un cumio enerxético euroasiático, concibido para diminuír a dependencia da UE do gas ruso. As invitacións incluíron aos mandatarios de Turkmenistán e Kazaxistán, pero tanto Berdymukhammedov como Nazarbayev declinaron viaxar á capital polaca, probablemente persuadidos pola oportunidade de afinar os detalles do acordo con Rusia.

Polo tanto, incluír nesta estratéxica alianza a dous antigos peóns occidentais como Turkmenistán e Kazaxistán, constitúe para Putin un éxito de gran envergadura. O seu principal logro radica en que agora Rusia pode beneficiarse dunha rede directa de acceso e distribución de gas natural e petróleo do Mar Caspio, cando anteriormente Moscova observaba como unha serie de redes de distribución occidentais pasaban ante as súas fronteiras.

Xogando as cartas xeopolíticas

Este factor modifica radicalmente a balanza xeopolítica no Mar Caspio. EEUU, Europa e Turquía tentarán seguir influíndo en Acerbaixán e Uzbekistán; Rusia consegue atar ao seu lado a Turkmenistán e Kazaxistán; Irán tentará acercarse a este novo núcleo de poder, tomando en conta o apoio ruso ao seu programa nuclear. China, posuidor de enormes investimentos en Turkmenistán e Kazaxistán, buscará igualmente un novo entendemento con estes países e Rusia.

Tanto como o pulso en Asia Central, está a observarse un escenario decisivo nas relacións de Rusia coa UE e EEUU. A recente visita da secretaria de Estado Condoleezza Rice a Moscova evidenciou os temores de Washington polas negativas de Putin a aceptar o Tratado sobre Forzas Convencionais en Europa e a posible independencia de Kosovo.

Pola súa banda, o cumio UE-Rusia a celebrarse a partir do próximo 18 de maio na localidade rusa de Samara, pode afrontar inconvenientes en materia de cooperación enerxética e polas críticas de diversas ONGs europeas do autoritarismo de Putin e a situación dos dereitos humanos en Rusia.

En todo caso, o mandatario ruso move as súas fichas, enfocadas na súa potencialidade enerxética. Ante a consolidación dos proxectos do BTC e do TCP, Putin urxía unha alternativa concreta para aproveitar os recursos enerxéticos do Mar Caspio. O acordo en Turkmenistán, o CAC, pode ser a punta de lanza do retorno ruso a Asia Central.

As implicacións desta alianza ruso-turkmena-kazaka poden ampliarse cara imperativos xeopolíticos e de seguridade militar, confirmando como Asia Central volve a constituírse nun espazo estratéxico clave, tal e como o foi para Rusia e Gran Bretaña nos anos do *œGran Xogo* centroasiático de finais do século XIX.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Rusia ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Maio 18, 2007

Meta Fields

Autoria : 3713

Datapublicacion : 2007-05-18 00:00:00